

Don Paco, Cunqueiro e Mondoñedo

Antonio Reigosa Carreiras

Cronista oficial de Mondoñedo

cadernodeantonioreigosa.eu

Don Paco e Mondoñedo

A amizade que mantiveron desde os anos mozos Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro, as relacións epistolares e os múltiples encontros, tivesen lugar en Vilanova, Mondoñedo, Compostela, Vigo ou calquera outro lugar do mundo, xa darían para un extenso ensaio. Hoxe imos quedar só con algúns trazos nos que participou ou letras dedicadas a Mondoñedo por don Paco, que o fixo case sempre con Cunqueiro ao fondo. Como eles, Lourenzá e Mondoñedo, os concellos natalicios de ambos amigos, foron sempre, ademais de lindeiros, xeralmente ben levados.



F. Fernández del Riego e A. Cunqueiro no trasatlántico Monserrat. Viaxe a Bretaña en 1966.

O primeiro evento público no que participou don Paco en Mondoñedo foi no mitin que celebrou o Partido Galeguista coas súas principais figuras no Principal Cinema o 15 de febreiro de 1933. O acto, a favor dun Estatuto para Galicia, contou coa presenza de J. Sánchez Gacio, presidente entón da Deputación de Lugo, e coas intervencións de Castelao, Villar Ponte, Suárez Picallo e

uns aínda novizos no oficio da política, Cunqueiro (21 anos) e del Riego (estreando os 20). Co local e rebentar, Cunqueiro fixo de presentador do acto e del Riego “en párrafos fervorosos” falou da cultura, das nacionalidades e da significación espiritual do noso idioma.

Outra intervención importante de don Paco en Mondoñedo tivo lugar o 21 de abril de 1963 con motivo da recepción de Álvaro Cunqueiro como membro numerario da Real Academia Galega. O acto celebrouse no Seminario Santa Catarina e o xa académico del Riego

correspondeulle co discurso de resposta ao recipiendario. Diríase, de non ser o novo académico un tal Cunqueiro e o seu discurso un memorable canto ás imaxinacións sobre tesouros, que o de del Riego non foi de menor ton. Quen o lea gozará ao comprobar que nunhas poucas páxinas foi quen de bosquexarnos un retrato poético, profundo e moi emotivo do amigo, levándonos da man desde as raiceiras vitais onde pacía o enxeño cunqueiriano ata as altas emocións que acadou coa súa obra literaria.

Salvador Lorenzana —ou sexa, don Paco— levounos unha vez (La Noche, 1 de abril de 1946) ao Mondoñedo dos derradeiros días do bispo Guevara e dixo que debía ser “un remanso de paz para sosiego del cuerpo y curaciones del espíritu”.

Máis alá destas evocacións, participou en varios dos xurados dos certames poéticos que se convocaban polas San Lucas de finais da década dos 60, impartiu varias conferencias, colaborou nalgunhas cabeceiras locais e presidiu o xurado que deliberou sobre o primeiro premio ‘Álvaro Cunqueiro’ de narrativa convocado polos concellos de Vigo e Mondoñedo aló polo 1991.

Ao cumprirse o primeiro cabodano do pasamento de Cunqueiro, entreviú na solemne descuberta do famoso epitafio no Cemiterio Vello de Mondoñedo, foi pregoeiro das San Lucas en 1985 e participou activamente nos actos dos Días das Letras Galegas dedicados a Leiras en 1983 e a Cunqueiro en 1991.

Pero, sobre todo —non dá máis de si a medida deste artigo— contribuíu decisivamente na recuperación do escritor Cunqueiro para a literatura en galego a mediados do século XX. Só por isto xa merecería don Paco un lugar de honra en Mondoñedo.

Amigos letraferidos

Como saben, o Día das Letras Galegas deste ano 2023 vai dedicado ao grande animador da cultura galega do século XX, o laurentiniano Francisco Fernández del Riego. Os numerosos actos celebrados por todo o país nestes meses van culminar o próximo día 17 en Vilanova coa grande homenaxe ao que foi amigo de Álvaro Cunqueiro desde os anos infantís e ao seu valedor nos días amargos. Disto, do profundo e permanente afecto entrambos, xa se falou moito, mais, se mo permiten, a min apetécame lembrarllelo cunhas notas extraídas dalgúns textos de Cunqueiro nos que se evoca Lourenzá e a amizade letraferida —lletraferit— que cultivaron.

“En Lorenzana se celebra el Conde Santo. Allí estrené yo, año de 1925, mis primeros pantalones largos, en el baile de D. Joaquín Lozano, padrino de Joaquín Fernández del Riego, hermano del académico electo, D. Francisco. Se cantaba “Buenos Aires, la reina de plata” y subiendo yo al palco de la orquesta, en las escaleras se besaban dos novios. Fue la primera vez que mis ojos vieron un beso de amor. Debí de enamorame de ella, que era muy hermosa, pues me pesó en la memoria durante muchos, largos años” («Las vagancias de agosto», La Noche, 30 de agosto de 1960).



Tras os anos mozos ambos coincidiron en Compostela e desde entón mantiveron unha relación intensa tanto persoal como en actividades políticas, literarias e culturais. Os sucesos do verán de 1936 apartaríanos por camiños que non volveron confluír ata os anos finais da década dos 40.

Nun artigo publicado por Cunqueiro en El Pueblo Gallego o 19 de marzo de 1936 conta que viaxou a Vilanova de Lourenzá pola mañá dun día ledó e fresco. Admírase da fermosura da terra, do amarelo da flor dos nabos, do fermoso mosteiro, do seu fundador, o Conde Osorio, e da fachada de Casas sen rematar. Tamén se recrea con que lles chamen “os do paxaro” aos de Vilanova e lembra a obriga que había de entregarlle ao abade do mosteiro “unha ave, símbolo de non sei que rendas e trabucos” para dicir que mellor sería que lles chamaran así porque algún paxariño cantase na tumba do Conde Santo.

E a seguir inventa unha historia que ben merecería a pena escoitala enteira se

tivésemos vagar. A cousa é que o abade de Meira se encaprichou co paxaro e cambioullo ao de Lourenzá por catro mulas. Os bieitos de Meira tiñan na horta a única cerdeira de por alí, e a cerdeira unha soa cereixa; total que había que vixiar o paxaro para que non papase a cereixa pero o frade que se encargaba da imaxinaria era vello, adormeceu e...

Nun artigo publicado por del Riego con motivo do pasamento de Cunqueiro, escribiu: “Eramos amigos desde nenos, e a nosa amizade non se crebou nunca. El nacera en Mondoñedo e eu en Vilanova de Lourenzá, a pouco máis dunha legua da súa cidade natal”. («Finou o grande amigo», La Voz de Galicia, 1 de marzo de 1981).

Don Paco, sen saber que sería a última, visitara a Cunqueiro uns días antes do seu falecemento. Non puido asistir ao funeral porque estaba en Barcelona pero nos anos seguintes dedicoulle tantos discursos, artigos, conferencias e libros que o converten na principal fonte memorialística do benquerido amigo.

Artigos publicados inicialmente en El Progreso «Andel de marabillas», 30 de xaneiro e 15 de maio de 2023

